

## O drama dos inmigrantes

Por Miguel Anxo Fernán Vello

¿Coñecen vostedes os datos sobre o número de inmigrantes que deixaron a vida nas augas e praias españolas —maiormente andaluzas— nos últimos anos? Deixemos agora a fría estatística oficial. O meu amigo e escritor andaluz Juan José Téllez escribiu no seu día que os mortos do Estreito son como os mortos na zona cero de Manhattan, como os mortos nas ensanguentadas montañas de Afganistán, como os mortos florecendo como fungos en Iraq; e agora engado eu: como os mortos do 11-M que fixeron de Madrid a capital mundial da dor. Ten razón o presidente de Médicos del Mundo, Ricardo Angora, cando solicita que a vaga de solidariedade institucional creada a partir dos atentados de Madrid teña continuidade agora, ollando cara o futuro, e se converta nunha vaga de solidariedade natural cos inmigrantes que non teñen regulada a súa situación no plano legal e administrativo. Dos 190 mortos no 11-M, segundo os últimos datos, 47 eran estranxeiros e dos 1.500 feridos, 101 teñen nacionalidade distinta da española. Velaí pois, neste caso concreto, o drama de moitos inmigrantes sen papeis, "invisíbeis", que só na morte brutal e no corpo ferido atinxen a súa existencia legal, o seu recoñecemento, a súa regularización: eles —medida de gracia extraordinaria— e os seus familiares, e xa van máis de mil solicitudes de nacionalidade e setecentas solicitudes de residencia.

Os inmigrantes, xa situados en España, ilegais e sen garantías, viven baixo o peso dun temor permanente, aguillados pola incerteza e vítimas absolutas da desinformación. Se nos queremos referir só aos inmigrantes arxentinos actualmente en situación ilegal no Estado español —por favor, un pouco de memoria histórica, e sobre todo nós, os galegos—, urxe a regularización de case 200.000 arxentinos que por aquí andan, perdidos e cada día con menos esperanza. Tome boa nota disto, señor Rodríguez Zapatero. Eliminemos de vez o trato tantas veces vexatorio que sofren seres humanos que só procuran unha vida digna e un futuro mellor. [Como deixou escrito o mexicano Eduardo Hernández, autor do libro Los zapatos del inmigrante y otros escritos, o inmigrante contemporáneo simboliza o palpitar da necesidade humana. E dunha maneira ou doutra, todos fomos ou somos inmigrantes.](#)